

*Resolución da Dirección Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se convoca o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de marisqueo con vara no permiso de explotación para embarcacións no marco dos Plans de xestión conxuntos de moluscos bivalvos en autorización e en libre marisqueo das Confrarías de pescadores de Ferrol e Barallobre*

### *Antecedentes*

1. Mediante a Orde do 21 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026 (DOG núm. 246, do 29 de decembro de 2023) apróbanse os plans conxuntos das confrarías de pescadores de Barallobre e Ferrol de moluscos bivalvos, a pé, a pé con embarcación auxiliar e dende embarcación en zonas de autorización (PE403A 2023/35-1) e a pé con embarcación auxiliar e dende embarcación en zonas de libre marisqueo (PE403A 2023/23-1), en diante plans de xestión.

De conformidade cos expedientes de aprobación dos plans de xestión citados estableceuse un número máximo de 107 embarcacións con 228 persoas tripulantes con dereito a cota para todo o trienio.

2. O 20.11.2025 (entrada 2025/3224068) a confraría de Ferrol solicitou o inicio do procedemento para o outorgamento de dous (2) novos permisos de marisqueo a flote.

O 24.11.2025 (entrada 2025/3250864) presentou unha mellora na que o Patrón Maior deixa constancia do acordo entre as confrarías titulares dos plans de xestión conxuntos de marisqueo consistente en solicitar as cotas de marisqueo a flote necesarias para permitir o cambio de 2 embarcacións da 4ª lista a embarcacións da 3ª lista e tamén a ampliación de 3 cotas para embarcacións cunha (1) cota con base na redución do número de participantes dos permisos de marisqueo a pé con embarcación auxiliar.

Tamén indica que a Confraría de Ferrol se compromete a apoiar no futuro unha solicitude nos mesmos termos e para a mesma finalidade para asociados á Confraría de Barallobre.

3. O 23.12.2025 e o 29.12.2026, así como o 06.02.2026 e o 05.02.2026, as confrarías de Ferrol e Barallobre respectivamente presentan solicitudes para modificar, entre outras, as seguintes cuestións nos plans de xestión:

Favorecer o cambio de permisos de marisqueo a pé con embarcación auxiliar a embarcacións con permiso de marisqueo a flote (2 permisos a pé con embarcación da 4ª lista asociada a 2 embarcacións da 3ª lista que pasarían a incorporar a modalidade de marisqueo cunha cota de captura cada unha), para logo iniciar o procedemento para outorgar 3 cotas a embarcacións que contén cunha (1) cota. En resumo, modificar o



número de participantes, incrementando en dúas (2) embarcacións e cinco (5) tripulantes con dereito a cota.

4. O 16.03.2026 esta dirección territorial ditou resolucións adoptando as medidas de adaptación indicadas no punto anterior nos plans de xestión, de tal xeito que o número máximo de participantes na modalidade desde embarcación para o ano 2026 quedou establecido en 109 embarcacións e 233 tripulantes con dereito a cota, condicionado a que as persoas armadoras das dúas embarcacións que sexan seleccionadas mediante o correspondente proceso selectivo sexan titulares de permisos de marisqueo a pé con embarcación auxiliar en vigor e previamente ao outorgamento renuncien a el.

### *Consideracións legais e técnicas*

1. A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, e o Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, establecen que o exercicio da actividade de marisqueo de recursos xerais requirirá que:

- Se realice ao abeiro dun plan de xestión ou en zonas de libre marisqueo no marco do Plan xeral de explotación marisqueira establecido
- A extracción de recursos marisqueiros en zonas suxeitas a plan de xestión ou en zonas de libre marisqueo só poderá ser exercida polas persoas e embarcacións que estean en posesión da preceptiva habilitación.

2. O artigo 4º do Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, entre outros requisitos, establece:

*"O permiso de explotación non poderá ser outorgado, revalidado nin transmitido a aquelas persoas físicas ou xurídicas que teñan sanción firme en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendente de pagamento."*

3. O Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidas para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, establece:

- En ningún caso, poderán exercer actividades de pesca as embarcacións que non dispoñan de medios mecánicos de propulsión (artigo 6.6).
- As embarcacións que poden optar a incorporar no seu permiso de explotación a modalidade de marisqueo con vara deberán ter menos de 3 TRB ou menos de 2,6 GT (artigo 150).

4. O Decreto 153/2019 do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, establece no artigo 17.2 que cando o número de participantes sexa inferior ao máximo establecido no plan de xestión, a xefatura



territorial (actualmente dirección territorial) da consellería competente en materia de marisqueo incrementará anualmente o número de participantes no plan ata o máximo establecido, sen prexuízo das medidas de adaptación establecidas no artigo 21.

5. A disposición adicional terceira da Orde do 21 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026 (códigos de procedemento PE403A, PE403C, PE403D e PE403E), establece que en virtude do disposto na disposición adicional terceira da Orde do 26 de outubro de 2004, pola que se regula a alternancia de artes para embarcacións que pesquen en augas da Comunidade Autónoma de Galicia, e durante a vixencia desta orde, naqueles plans de xestión en que os datos resultantes do seguimento da explotación, a situación social do sector e os estudos sobre o estado dos recursos así o permitan, poderase incrementar o número de embarcacións coa modalidade de marisqueo con vara, sen prexuízo das limitacións e condicións establecidas para cada un dos plans de xestión.

O incremento das persoas participantes aprobadas nos plans de xestión de marisqueo con vara realizarase segundo a resolución da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro do 22 de outubro de 2013, pola que se aproba o baremo para incrementar o número de cotas nas embarcacións que xa participan nun plan de xestión e para acceder á modalidade de marisqueo con vara no permiso de explotación no marco dun plan de xestión. Esta resolución foi modificada pola Resolución do 22 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro co obxectivo de priorizar o acceso á modalidade de marisqueo no permiso de explotación para as embarcacións de terceira lista cuxa persoa armadora sexa titular dun permiso de explotación a pé con utilización dunha embarcación auxiliar e renuncie a el, sen que esta priorización supoña un incremento de esforzo pesqueiro.

De acordo coas consideracións do apartado de “participantes” das fichas que establecen as condicións de aprobación dos plans de xestión conxuntos, e que recollen as medidas de adaptación adoptadas polas resolucións ditadas o 16.03.2026 por esta dirección territorial, accedeuse a un aumento do número máximo de participantes para 2026 a 109 embarcacións e 233 tripulantes.

Porén, o outorgamento da modalidade de marisqueo en embarcacións da terceira lista necesario para acadar esta cifra, quedou condicionado á renuncia previa da titularidade de 2 permisos de marisqueo a pé con utilización de embarcación auxiliar das persoas armadoras seleccionadas, xa que tal e como se indica nas ditas consideracións, o aumento non afecta ao esforzo potencial conxunto dos plans, que ven rexistrando unha notable redución na modalidade de permisos a pé con embarcación auxiliar desde o primeiro ano de vixencia (de 53 a 34), e que se reducirá en 2 máis para favorecer o acceso á modalidade de marisqueo para embarcacións cuxa persoa armadora sexa titular deste tipo de permiso e renuncie a el, tal e como recolle a Resolución do 22 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se modifica a Resolución do 22 de outubro de 2013 pola que se aproba a baremo.



6. Así, todas as solicitudes que cumpran os requisitos sinalados nesta resolución serán valoradas de acordo co establecido no anexo I (epígrafes A e C) do baremo aprobado pola Resolución do 22 outubro de 2013, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para incrementar o número de cotas nas embarcacións que xa participan nun plan de xestión e para acceder á modalidade de marisqueo con vara no permiso de explotación no marco dun plan de xestión, modificada pola Resolución do 22 de xullo de 2025, da mesma dirección xeral, que establece que terán preferencia para o outorgamento da modalidade de marisqueo, no marco dos plans de xestión conxuntos das confrarías de Ferrol e Barallobre, as embarcacións da terceira lista cuxa persoa armadora sexa titular dun permiso de explotación para o marisqueo a pé con utilización dunha embarcación auxiliar en vigor.

As actividades formativas (cursos, seminarios, xornadas ou asimilados) que se terán en conta para o baremo de acceso á modalidade de marisqueo con vara no permiso de explotación das embarcacións será o *Catálogo de actividades formativas recoñecidas* dispoñible na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> (última actualización realizada mediante Resolución ditada pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro o 06.05.2025).

7. A Resolución do 22 outubro de 2013 modificada pola Resolución do 22 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, desenvolve o mecanismo para o outorgamento da modalidade de marisqueo con vara no permiso de explotación entre as persoas solicitantes asociadas ás entidades titulares dos plans de xestión.

8. Esta dirección territorial é o órgano competente de conformidade co establecido no artigo 17.2 do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas e co artigo 13 do Decreto 50/2021, do 11 de marzo, modificado polo Decreto 149/2024, do 20 de maio, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

1. Convocar o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de marisqueo con vara no permiso de explotación para dúas (2) embarcacións cunha (1) cota de captura cada unha no marco dos plans de xestión conxuntos de moluscos bivalvos en autorización e libre marisqueo das confrarías de pescadores de Ferrol e Barallobre, con suxeición ás bases da convocatoria recollidas no anexo A, e abrir o prazo de presentación solicitudes de participación.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo dun (1) mes, que se contará a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 121 e

**Departamento Territorial da Coruña**  
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)  
15006 A Coruña  
Tel.: 981 182 000  
[departamentoterritorial.mar.coruna@xunta.gal](mailto:departamentoterritorial.mar.coruna@xunta.gal)



seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Esta resolución notifícaselle ás confrarías de pescadores de Ferrol e Barallobre, como entidades titulares dos plans de xestión, consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A directora territorial  
M<sup>a</sup> José Cancelo Baquero  
Por ausencia (Resolución 13.05.2024)  
O xefe do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro  
Miguel Gómez Losada



## ANEXO A

### Bases da convocatoria

#### 1. Normas xerais

**1.1.** O obxecto do proceso selectivo é o outorgamento da modalidade de marisqueo con vara no permiso de explotación dúas (2) embarcacións cunha (1) cota de captura cada unha no marco dos plans de xestión conxuntos de moluscos bivalvos en autorización e libre marisqueo das confrarías de pescadores de Ferrol e Barallobre.

#### 1.2. Requisitos das embarcacións

Para a obtención da modalidade de marisqueo con vara no permiso de explotación da embarcación, consonte o Decreto 425/1993, do 17 de decembro, o Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, e demais normativa aplicable, deberá cumprirse os seguintes requisitos:

- a) Ter menos de cinco artes ou modalidades no seu permiso de explotación da embarcación. No caso de ter cinco, deberá xustificarse a renuncia a unha delas unha vez seleccionada a embarcación.
- b) Ter menos de 3 TRB ou 2,6 GT
- c) Dispoñer de medios mecánicos de propulsión
- d) Non ter sancións firmes en vía executiva en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento.

Ademais, de acordo coa Resolución do 22 de outubro de 2013 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo, o outorgamento da modalidade de marisqueo con vara realizarase entre persoas armadoras solicitantes asociadas ás entidades titulares dos plans de xestión e coa Resolución do 22 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se modifica a Resolución do 22 de outubro de 2013, as persoas armadoras titulares de permisos de explotación a pé con utilización dunha embarcación auxiliar deberán xustificar a renuncia a dito permiso unha vez seleccionada a embarcación da terceira lista e o cambio de lista ou desgüace da embarcación da cuarta lista.

#### 1.3. Criterios xerais para acceder á modalidade de marisqueo con vara

**1.3.1.** Terán preferencia á incorporación ao plan de xestión as embarcacións que posúan a modalidade de libre marisqueo no permiso de explotación, sempre e cando a persoa solicitante teña a condición de armador/a da embarcación cun mínimo de 2 anos na data da convocatoria do proceso selectivo.

As prazas cubriranse en función da maior antigüidade da embarcación nun porto base incluído no ámbito territorial da entidade titular do plan de explotación. Tamén se terán en conta as persoas asociadas á entidade armadoras de embarcacións que teñan un porto base fóra do ámbito territorial da confraría, segundo o establecido na disposición transitoria da



Orde de 28 de xuño de 2004 pola que se regula a autorización de establecemento e cambio de porto base de buques.

**1.3.2.** A continuación, terán preferencia para o outorgamento da modalidade de marisqueo, non marco dos plans de xestión conxuntos das confrarías de Ferrol e Barallobre, as embarcacións da lista terceira cuxa persoa armadora sexa titular dun permiso de explotación para o marisqueo a pé con utilización dunha embarcación auxiliar en vigor.

As prazas ofertadas cubriranse en función da antigüidade como persoa armadora dunha embarcación da terceira lista nun porto base incluído no ámbito territorial das confrarías mencionadas.

**1.3.3.** As prazas non cubertas unha vez aplicados os criterios anteriores, de ser o caso, serán declaradas vacantes ao obxecto de non incrementar o esforzo pesqueiro nos plans de xestión.

**1.3.4.** Cando o número de solicitudes fose superior ao de prazas, a distribución realizarase en función da puntuación que resulte de aplicar o baremo establecido no apartado C do anexo I da Resolución do 22 outubro de 2013, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para incrementar o número de cotas nas embarcacións que xa participan nun plan de xestión e para acceder á modalidade de marisqueo con vara no permiso de explotación no marco dun plan de xestión.

**1.3.5.** Nos plans de xestión nos que as embarcacións teñan asignadas un número determinado de cotas de captura, o número de prazas outorgarase con carácter xeral, en función das persoas que teñan enroladas as embarcacións seleccionadas, sen poder superar o número máximo de prazas autorizadas.

**1.3.6.** O outorgamento de prazas quedará limitado ao máximo de tripulantes autorizados pola administración marítima.

**1.3.7.** No caso de que a embarcación sexa explotada por una sociedade civil ou mercantil, ou conxuntamente por varias persoas armadoras, só poderán acreditarse os méritos dunha persoa, que será a mesma para todos os apartados do baremo.

**1.3.8.** Non se puntuarán os méritos de formación e experiencia profesional cando a persoa ou algunha das persoas solicitantes sexan armadoras de outras embarcacións que xa posúan as modalidades de marisqueo con vara ou de recursos específicos no permiso de explotación.

#### **1.4. Solicitudes, documentación, prazo e lugar de presentación**

A Lei 4/2019 do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG núm. 141, do 26 de xullo de 2019) no seu artigo 10º 1.a) establece que as persoas traballadoras autónomas, para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional, no ámbito do sector público autonómico, estarán obrigadas a relacionarse a través dos medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, ademais do indicado no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Departamento Territorial da Coruña  
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)  
15006 A Coruña  
Tel.: 981 182 000  
[departamentoterritorial.mar.coruna@xunta.gal](mailto:departamentoterritorial.mar.coruna@xunta.gal)



As persoas que desexen participar no proceso selectivo deberán presentar por vía electrónica unha solicitude dirixida ao Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro da Coruña, mediante o procedemento PR004A -Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado- dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>).

O prazo para a presentación das solicitudes será de quince (15) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no taboleiro de anuncios deste departamento territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da confrarías de pescadores de Ferrol e Barallobre, así como na xefatura comarcal da Consellería do Mar de Ferrol.

A falsidade dos datos esenciais para a selección das persoas aspirantes dará lugar á súa exclusión automática do proceso selectivo.

**A solicitude, asinada pola persoa ou persoas titulares do permiso de explotación, deberá vir acompañada da seguinte documentación:**

#### **1.4.1. Documentación mínima para a admisión da solicitude**

##### **a) Para acreditar a personalidade na presentación da solicitude:**

**a.1)** No caso dunha persoa física, DNI ou NIE da persoa solicitante, en caso de non autorizar á Consellería do Mar para a obtención desta información.

**a.2.)** No caso de co-titularidade, DNI ou NIE do resto das persoas físicas titulares do permiso de explotación da embarcación, agás no suposto de autorización expresa á Consellería do Mar para obter esta información. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo IX da Orde do 30 de decembro de 2015.

**a.3)** No caso dunha persoa xurídica, NIF da entidade e copia do DNI ou NIE da persoa representante en caso de non autorizar á Consellería do Mar para obter esta información. No caso dunha persoa xurídica, a persoa representante deberá acreditar a representación con que actúa.

No caso de ser titular do permiso de explotación por cesión, deberán tamén dar a súa conformidade a persoa ou persoas propietarias da embarcación e acreditar a personalidade seguindo os puntos anteriores.

**b) Xustificante de ter aboado o pagamento da taxa correspondente** cos códigos 12.10.06 30.17.01: "Expedición ou duplicado de permisos de explotación dende embarcación, segundo tonelaxe de rexistro bruto (novo permiso, renovación, traslado e transmisión, ampliación ou cambio de artes, para toda actividade pesqueira e marisqueira exercida desde



embarcación)". Non será necesario presentar este documento se o pago da taxa se realizou de forma telemática.

#### 1.4.2 Outra documentación:

- a) **Folla de asento da embarcación actualizada á data da convocatoria.**
- b) **Documentación acreditativa de cada un dos aspectos que se van a valorar de acordo ao baremo aprobado pola Resolución do 22 de outubro de 2013, modificada pola Resolución do 22 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.**

Para os efectos de computar os méritos establecidos só se valorarán os obtidos ata a data de publicación da resolución da apertura do prazo de presentación de solicitudes. Así:

##### **b.1) Número de artes ou modalidades incluídas no permiso de explotación**

A información relativa a este epígrafe será a que conste en poder da Consellería do Mar.

##### **b.2) Titularidade da persoa armadora dun permiso de explotación a pé con embarcación auxiliar**

A información relativa a este epígrafe será a que conste en poder da Consellería do Mar.

##### **b.3) Ventas en lonxa ou centro de venda autorizado da embarcación**

Para a valoración deste epígrafe, a persoa solicitante deberá presentar certificación da capitanía marítima que recolla os seguintes aspectos nos dous anos naturais anteriores á data da convocatoria (2024 e 2025):

- despachos da embarcación.
- tripulación enrolada na embarcación con nome e apelidos e períodos de embarque.

Descontaranse os períodos de tempo en que a embarcación estivo inactiva por causa de forza maior (deberase achegar a xustificación documental que así o acredite) e cando as persoas solicitantes non fosen armadoras da embarcación (segundo o permiso de explotación).

A información relativa ás vendas en lonxa ou centros de venda autorizado será a que conste en poder da Consellería do Mar.

##### **b.4) Período de actividade da embarcación (registro da actividade pesqueira)**

Non se terá en conta o período de tempo no que as persoas solicitantes non fosen armadoras da embarcación.



A información respecto ao rexistro da actividade pesqueira será a que conste en poder da Consellería do Mar.

#### **b.5) Antigüidade da embarcación nun porto base incluído no ámbito territorial das entidades titulares dos plans de xestión**

A información respecto ao rexistro da actividade pesqueira será a que conste en poder da Consellería do Mar.

#### **b.6) Número de embarcacións da persoa armadora**

A información respecto a este epígrafe será a que conste en poder da Consellería do Mar.

#### **b.7) Formación da persoa armadora da embarcación**

**i) Actividades de formación:** documentación acreditativa das actividades formativas recoñecidas como mérito para acceder á modalidade de marisqueo con vara e que figuran inscritas no catálogo de actividades aprobado pola Resolución da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro dispoñible na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> na data da convocatoria (última actuación Resolución do 06.05.2025). Unicamente se valorarán as actividades formativas finalizadas na data de publicación da convocatoria.

Non se computarán aqueles cursos ou títulos profesionais necesarios para o exercicio da actividade: mariñeiro-pescador, formación básica, certificado de mariscador/a, certificado de percebeiro/a, certificado para a extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo.

Cando unha actividade formativa teña varios niveis, só computará aquela que permita acadar a maior puntuación.

**ii) Titulación académica:** documentación que acredite estar en posesión da titulación académica correspondente. Só se valorará a titulación académica superior.

Ademais, engadirase 1 punto á valoración obtida na titulación académica cando a persoa solicitante posúa algunha titulación profesional regulada de acuicultura ou náutico-pesqueira, así como formación non regulada, de Patrón de pesca local, Patrón costeiro polivalente e Capitán de pesca.

#### **b.8) Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación**

No caso de que a persoa solicitante, titular do permiso de explotación da embarcación, estivese enrolada nunha embarcación incluída nun plan de xestión de marisqueo con vara nos 2 anos anteriores á data da convocatoria, deberá presentar unha certificación da capitanía marítima dos enroles desta persoa nos dous anos anteriores á data da convocatoria.

Non computará o período de tempo no que a persoa armadora estivese en situación de incapacidade temporal.



**c) Documentación que acredite o número máximo de tripulantes autorizados de acordo coas características da embarcación (certificado de conformidade).**

**1.5. Emenda da solicitude**

A dirección territorial, como órgano responsable da tramitación e resolución das solicitudes, comprobará que estas reúnen os requisitos establecidos. De non ser así, requiriráselle á persoa interesada, para que nun prazo de dez (10) días hábiles a emende, con indicación de que se así non o fixese se lle terá por desistida da súa petición logo de resolución expresa.

A notificación das emendas das solicitudes realizarase de conformidade co establecido nos artigos 42, 43 e 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, mediante publicación no taboleiro de anuncios do Departamento Territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada.

Esta publicación tamén se realizará, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da confrarías de pescadores de Ferrol e Barallobre e no da Xefatura Comarcal de Ferrol da Consellería do Mar.

A documentación requirida para a emenda da solicitude deberá ser presentada por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

**2. Proceso selectivo. Relación provisional e definitiva**

**2.1.** A dirección territorial, para continuar co proceso selectivo, determinará que entre as solicitudes admitidas existe un mínimo dunha persoa armadora que posúe o permiso de explotación de marisqueo a pé con embarcación auxiliar, o que permitiría outorgar a modalidade de marisqueo a unha embarcación sen aumentar o esforzo dos plans de xestión conxuntos. Noutro caso, o proceso suspenderase ao incumprirse a condición de aprobación establecida nos plans de xestión conxuntos, ditando unha resolución que declare vacantes as prazas convocadas.

**2.2** A dirección territorial, no seu caso, procederá á baremación das solicitudes e publicará, no taboleiro de anuncios do Departamento Territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, unha relación provisional indicando a puntuación acadada por cada unha das embarcacións aspirantes e persoas armadoras. Así mesmo, nesta relación recolleranse as embarcacións e persoas excluídas do proceso e as causas de dita exclusión.

A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da confrarías de pescadores de Ferrol e Barallobre e no da Xefatura Comarcal de Ferrol da Consellería do Mar.

O feito de figurar na relación de persoas e embarcacións admitidas non prexulga que se lle recoñeza á persoa interesada ou embarcación a posesión dos requisitos esixidos no procedemento regulado nesta sección. Cando da documentación que deba presentarse no caso de ser seleccionada, se desprenda que non posúa algúns dos requisitos, a persoa interesada decaerá de todos os dereitos que podan derivar da súa participación no procedemento.

**Departamento Territorial da Coruña**  
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)  
15006 A Coruña  
Tel.: 981 182 000  
[departamentoterritorial.mar.coruna@xunta.gal](mailto:departamentoterritorial.mar.coruna@xunta.gal)



Contra a relación provisional de puntuacións, as persoas interesadas poderán presentar ante a dirección territorial cantas alegacións consideren oportunas no prazo máximo de quince (15) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios do Departamento Territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

As embarcacións e persoas excluídas poderán presentar contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, un recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**2.3.** Unha vez finalizado o prazo de presentación de alegacións e analizadas estas, a dirección territorial ditará a resolución coa relación definitiva das embarcacións seleccionadas e persoas armadoras, así como das non seleccionadas. A dita resolución será exposta nos lugares e cos mesmos efectos que os previstos no punto 2.1.

As alegacións non se contestarán expresamente de xeito individualizado, aínda que, de ser o caso, si se terán en conta para a puntuación definitiva.

En caso de empate na puntuación obtida tras aplicar o baremo, terán preferencia, en primeiro lugar, as embarcacións cuxas persoas armadoras sexan mulleres, e en segundo lugar, as persoas armadoras de menor idade. De persistir o empate, resolverase por sorteo público.

Contra a resolución que aprobe a relación definitiva, que non esgota a vía administrativa, a persoa interesada poderá interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios do Departamento Territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, ante a persoa titular da Consellería do Mar, de conformidade co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

### **3. Asignación da modalidade**

A persoa ou persoas armadoras das embarcacións seleccionadas deberán presentar, no prazo máximo de quince (15) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da relación definitiva, a seguinte documentación para o outorgamento da modalidade e a asignación final da cota ás embarcacións:

- Rol de despachos actualizado da embarcación coa dotación de tripulación enrolada nela

Se a documentación non se presenta no prazo establecido, entenderase que desisten da súa solicitude, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, polo que procederase a asignar a modalidade e a cota obxecto desta convocatoria á seguinte embarcación de acordo coa puntuación obtida trala aplicación do baremo.



Ademais, de acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, Orde do 26 de outubro de 2004 pola que se regula a alternancia de artes para embarcacións que faenen en augas da Comunidade Autónoma de Galicia, e a Resolución do 22 outubro de 2013, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para incrementar o número de cotas nas embarcacións que xa participan nun plan de xestión e para acceder á modalidade de marisqueo con vara no permiso de explotación no marco dun plan de xestión modificada pola Resolución do 22 de xullo de 2025, as persoas armadoras das embarcacións seleccionadas que presentasen a documentación dentro do prazo establecido deberán cumprir cos seguintes requisitos para a obtención da modalidade no permiso de explotación e das cotas asignadas:

- No caso das embarcacións cuxa persoa sexa titular dun permiso de explotación a pé con utilización dunha embarcación auxiliar, a renuncia a dito permiso e cambio de lista ou desgüace da dita embarcación auxiliar.
- No caso de embarcacións que posúan cinco (5) artes ou modalidades no seu permiso de explotación, a renuncia a algunha delas.
- Non ter sancións firmes en vía executiva en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento.
- As persoas armadoras solicitantes deberán estar asociadas ás entidades titulares dos plans de xestión. No caso dun plan de xestión conxunto estarase ao disposto no plan aprobado en canto á distribución de prazas entre entidades, de ser o caso. Para o cumprimento deste requisito presentárase unha certificación da confraría de pescadores titular do plan de xestión. Non será necesario en caso de autorización á Consellería do Mar para a súa consulta.

A dirección territorial ditará resolución concedendo ou denegando a modalidade de marisqueo con vara, conforme ao establecido na Resolución do 22 de outubro de 2013 modificada pola Resolución do 22 de xullo de 2025.

